CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. nº 01270060 - C.I.F. P-2700600-F

Praza do Concello s/n. C.P. 27640
Tel. 982 36 00 04, Fax 982 36 05 18
http://www.concellodebecerrea.com

**ACTA DE SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE PARA CUBRIR EN PROPIEDADE MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DÚAS PRAZAS DE FUNCIONARIO, AUXILIAR ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

Sendo as 11:00 horas, do día 29 de novembro de 2011, reúnense baixo a presidencia de Don Julio González Casanova, os integrantes do Tribunal de selección que se constitúe para cubrir en propiedade mediante oposición libre, dúas prazas de funcionario en concreto de auxiliar administrativo, Escala de Administración Xeral, e que son os seguintes:

PRESIDENTE

Titular: Don Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

SECRETARIO

Titular: Dona Ana María Rivas García, Secretaria–Interventora do Concello de Becerreá

1 VOCAL

Titular: Don Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario-Interventor asesor dos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

2 VOCAL

Titular: Dona Pilar Pérez López, auxiliar administrativo do Concello de Becerreá.

3 VOCAL

Titular: Dona Angeles Rivas Vázquez, xefa de Sección de Contabilidade e Contas da Deputación Provincial de Lugo.

Previa aceptación de tódolos interesados presentes no acto, polo Sr. Presidente se declara constituído o Tribunal.

Acto seguido se inicia a realización, polos aspirantes convocados, do segundo exercicio consistente en respostar por escrito, nun periodo máximo de dúas horas, a un tema extraído a chou entre os que figuran no programa de materias anexo á convocatoria.

O tema extraído a chou resultou ser o **número 3** do programa de materias anexo ás bases aprobadas.

O exame se realiza entre as 11:20 e as 13:20 horas do día da data.

Finalizado o exame escrito, se convoca aos aspirantes á lectura pública do mesmo o vindeiro día **14 de decembro, ás 9:30 horas,** no edificio da **Biblioteca-Telecentro do Concello de Becerreá sito en Rúa Valgamarín nº 5 en Becerreá.**

Para a determinación da orde de actuación dos aspirantes se está ao establecido na Resolución de 1 de febreiro de 2011 pola que se fixo público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de Selección de persoal da Administración da Comunidade

CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. nº 01270060 - C.I.F. P-2700600-F

Praza do Concello s/n. C.P. 27640
Tel. 982 36 00 04. Fax 982 36 05 18
http://www.concellodebecerrea.com

Autónoma de Galicia, de xeito que a lectura dos exercicios se iniciará por aqueles cuxo primeiro apelido escomence pola letra **L.**

En proba de conformidade asínase a presente polos membros do Tribunal presentes no acto.